

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CLÁSICO DE ALMAGRO E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS PARA A COLABORACIÓN COMO COMUNIDADE AUTÓNOMA INVITADA EN LA 45ª EDICIÓN DEL FESTIVAL DE ALMAGRO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue 12 meses dende **o día de sinatura do convenio**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento do marco de colaboración entre as partes para designar a Comunidade Autónoma de Galicia como Comunidade Autónoma convidada de honra na 45ª edición do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro, correspondente ao ano 2022, con obxecto de por en valor o Século de Ouro de Galicia

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos e estatais no ámbito escénico, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins semellantes ou complementarios.

A colaboración, neste caso, coa Fundación Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro ven determinada polo feito de que a Agadic a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego, integrado no Departamento de Producción Teatral, produce, programa e distribúe espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en colaboración con outras compañías e institucións, públicas ou privadas

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

